

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL**CORTE Nº 2 CINTA 9****NOME DO DOCUMENTO:**

MPG_SaVi_0009_002_en_0_06_38_id655_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0009_002_en_0_06_38_id655.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a novena das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala das regatas de lanchas a remos que se facían polo san Martiño.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 10 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

deporte de mar, mariñeiro, ocio e tempo libre, regata, embarcación a remos, chalana, lancha, traíneira, san Martiño, Moaña, Illas Cíes, Club Náutico

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 9



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: E nos tempos así de verán, aparte os días que non se iba ó mar, solíanse facer tipos de regata, de regatas de chalanas, de botes ou de traíñas?

R: Facíanse de chalanas ou regatas de lanchas.

P: De lanchas das, das grandes.

R: Si, das grandes das pequenas nada.

P: Vostede falaba o outro día que unha das primeiras que se facían fóra con José de “Serafín” ¿non?

R: Desas lanchas grandes.

P: Esas lanchas de 24 homes. Acordase das regatas esas, que me dixera que estaba de patrón Chiquitín ¿non?

R: Ese era patrón ese do que tes ti aí. [sinala a unha foto que lle mostrara previamente]

P: Si, pero de ese tipo de regatas non se acorda.

R: Pero, as grandes eran coma estas.

P: Si

R: (?) as grandes eran coma estas.

P: ¿E foron durante muito tempo esas regatas?

R: Si, claro, polo San Martiño. Cando era por San Martiño sempre...

P: E sempre lle facían e despois deixáronse de facer ¿non?

R: Deixáronse de facer despois cando viñeron os motores, ás mesmas lanchas puxéronlle motores, xa se fixeron barcos de máquinas.

P: ¡Ah. Entonces aínda se fixeron durante bastantes anos, ¿ou non? Ou poucos anos. Se facía polo San Martiño, polo Carmen non. Bueno San Martiño e o Carmen casi se celebraban.... ¿que era eso que decía a súa neta de levar a lancha pola Canexa¹?... Entonces durante un ano...que estaba o José de “Serafín” de alcalde ou foron despois cos outros alcaldes.

R: José de “Serafín” non chegou a ser alcalde².

P: ¿Non chegou a ser alcalde? ¿No ano 12 ou 13 non chegou a ser alcalde?

R: Eu non acordo. El veu de...

P: De Brasil.

R: Veu de Brasil... é un individuo que o pasou mal porque... nunca pasou de... ¿ó difunto de Pazó o coñeces?. ¿Coñeceche a Pazó?

P: Si, bueno. Non o conocín pero sei quen era. Personalmente non o conocín, foi o que montou a igrexa³ e a casa toda.

R: Pois ese home foi o máis rico de toda Moaña.

P: Quen José de “Serafín” ou Pazó.

R: O máis rico (?), el. Sempre tiña cartos nos bolsillos, sempre tuvo unha vida solitaria e unha vida...

P: Si xa me falara diso o outro día tamén.

R: E o difunto de Costas⁴ era mui amigo del, pois cando veu José de “Serafín” do Brasil, casouse coa nai, e cortou todo polo san⁵. E chegou a durmir enriba dos aparellos, chegou a encascar aparellos.

P: ¿Pero Don José Pazó?

¹ A Canexa é o vial que comunicaba o barrio de Quintela co da Praia.

² Foi alcalde dende xullo de 1913 a decembro de 1915.

³ Fixo una capela en Quintela ao lado da casa.

⁴ Costas era funcionario do Concello que ás veces facía de secretario.

⁵ Quere dicir que casou coa nai de José Pazó, que era viuva e cun fillo, e cortou polo santo da súa penuria.

R: ¡Canto tempo hai diso! (?)...Pero despois comprou dous barcos de remos, comprou unha motora, comprou despois unha pareja, e cortou e ó cortar despois a nai de Pazó cortoulle tamén o suministro que lle daba ó fillo e chegou a (?) e cando se deu cuenta, tuvo máis de catro... despois cando veu o Movemento⁶... deuse cuenta e marchouse para Barcelona, foi cando cerrou, colleu os libros, empezou a estudar e volveu a ser o que...

P: ¿En Barcelona ou Madrid?

R: En Madrid. Despois foi para Barcelona. Onde se casou foi en Barcelona ¿Non?

P: ¿E José de “Serafín” facía regatas?

R: Si.

P: Organizaba el as regatas.

R: Era o organizador da regata. (?)

P: E facían muito por San Martiño.

R: Si por San Martiño.

P: E que había unha lancha ou dúas normalmente.

R: Lanchas había dez ou doce.

P: ¿Sí, e regateaban tantas?

R: Non, tres ou catro namais.

P: ¡Ah! regateaban tres ou catro.

R: El buscaban as mellores. As que pensaba que eran as mellores... pero quen as facía mellores era a tripulación. Porque o motor era a tripulación. Eran os tripulantes. O que tiña mellor tripulación pois...(?)

P: ¿E donde regateaban por aquí?

R: Aquí na costa.

P: ¿Aquí na praia, hacia Vigo?

R: Por aquí hacia as islas (?).

P: ¿E tamén daban catro ciabogas como agora⁷?

R: Dúas.

P: Dúas.

R: Iban...daban dúas voltas.

P: E a xente era toda de Moaña, e había apostas ó mellor para ver quen ganaba ou...

R: Queríase ganar o honor nada máis. Porque xa se desafiaban durante o tempo que estaban a traballar. Aquel día, de San Martiño (?) había regatas... Despois (?) cada un, celebraban a súa maneira.

P: ¡Ai sí! E quen era o mellor patrón, quen saliu así o mellor patrón das traineras, ¿Foi o Chiquitín ese ou... ?

R: Non outro.

P: Non, outros.

R: Un dos mellores patróns para pescar, foi o difunto do noso tío, Enrique, o pai de Manolo e mais de Emilio.

P: ¡Ai! sí, Emilio Pena, pero nas regatas de traineras quen era...

R: Nas regatas de traineras foi un chamado o “Pisco”, un pai de estes “Pisquiño” que lle morreu a muller, que é da Seara.

P: ¡Ai! si. Si non me acorda como lle chaman. E iso ¿durante cantos anos se pudo celebrar este tipos de regatas?

P: Porque despois esas regatas desapareceron ¿non? cando viñeron os barcos de motor e empezáronse a facer no Náutico⁸ máis tarde.

⁶ Refírese ao golpe de Estado de 1936

⁷ En realidade son tres viradas.

⁸ Aínda que o Club Náutico de Vigo, fora reorganizado en 1926, comezou a organizar regatas de traíñeiras de oito remeiros máis o patrón a partir de 1933.



R: Despois Empezaron a facerse no Náutico, as regatas, as pequenas, un pouquiño maiores, do tipo destas que hai agora. Do tipo destas que hai agora.

P: No Náutico empezaron con botes de oito remos me parece, despois viñeron máis tarde as de 12 remos.

R: Pois as lanchas... (?). Pois as lanchas que foron regatear a Cangas ó Náutico varias veces, varias veces. Viñan as de Baiona tamén, a traballar e viñan regatear tamén.

P: ¿Non se acorda sobre que ano empezarían no Náutico as regatas? Sería antes da República, durante a República.

R: Antes da República.

P: ¿No Náutico?

R: Antes da República.

P: Xa se regateaba. Iban os de Moaña, os de Tirán máis ben, Tirán e Meira ¿non?

R: Iba Moaña con xente de Tirán e de Meira, pero as embarcacións eran de Moaña. Antes da República.

P: Xa, participaban al... Estou pensando e non me salen a min as contas ¿Houbo muito tempo que estiveron paradas dende as regatas que se facían polo San Martiño hasta as seguintes que se fixeron no Náutico? Tuvéron paradas muito tempo en Moaña, muitos anos sen regatear... ¿Ou tiveron continuidade sempre as regatas?

R: Si tiveron... En tempos ¿non?... Pois dicir “Eh, organizamos as regatas “ Este ano, boto tres ou catro anos no mesmo día ou no mesmo mes a regata. Esas regatas que se facían antes, eran continuas. Vamos dicir “vamos facer unhas regatas” e si acaso, dentro de dous anos non facían regatas, e despois volvían a facer, e bueno sin unha continuidade, as regatas de Moaña (?). Ahora tes en Meira, Moaña, en Meira, están continuamente en Tirán.

P: Ahora xa están organizadas en calendarios, hai clubs de remos, que antes non había clubs de remos ¿E quen organizaba esas regatas?

R: Os mariñeiros, uns e outros.

P: Uns ós outros, botábanse un pulso uns ós outros.

R: Non, porque antes o Club Náutico era quen organizaba esas regatas de traineras ¿non?, (?) Chamáballe traineras pero non eran do oficio, tíñannas alí como mueble para cando viñesen as regatas, o día das regatas regatear.

P: Deportivas vamos, de regateo deportivo, non eran de...

R: Eran deportivas, e metían muita xente case mariñeiros metía xente do Club Náutico.

P: Si, socios que se dedicaban a practicar remo ¿E sabe quen pudo ser un dos primeiros patróns?

R: ¿Patróns en que sentido?

P: En regatear en Vigo. Eu teño entendido de Señor Pepe o “Matacristos”⁹, o vello que era un dos primeiros que foi de patrón de Tirán, non sendo patrón de Tirán, e un par de anos foi por por Meira. Sei que empezou por Tirán e logo foi por Meira¹⁰.

R: Primeiramente empezou por Tirán e despois pasou por Meira, o primeiro patrón que foi aquí de regatas de traineras foi... era o sogro dese que ten a casa aquí, ¡que ten bateas homej. Que é de Tirán...

P: Que ten a casa aquí ¿donde?

R: Aquí no carreiro este que hai aquí.

P: ¡Ai! si o Finete.

R: O pai de Finete, foi con ese José González moitas veces o proel.

⁹ Esta alcuña foi popular en Moaña, pero con moitas connotacións relixiosas. Sería mellor suprimila, pois aínda hoxe teñen familia que seguro non lle gustaría que se nomease. De agora en diante poñerei José González.

¹⁰ Estamos falando do principio da rivalidade das trañeiras entre as parroquias de Tirán e Meira. Comezou en 1933 cando o Club Náutico convidou a José González a formar tripulacións para participar nas regatas. José González herdara de seu pai unha lancha que facía a ruta Meira-Vigo de mercadorías e pasaxe. A primeira participación foi de patrón cunha tripulación de Meira e ao ano seguinte con Tirán. Gañou ambas regatas.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

P: ¿O proel?

R: É o tipo que cerra (?).

P: Si, o que mete a pica si.

R: O que mete a pica. Ese foi o que tuvo máis regatas aquí.

P: ¿E acórdase dun patrón que se chama Enrique Páz de Meira? Dos primeiros que pudo haber. E despois do José González, ¿por Tirán quen quedou un tío da miña nai? o Fanchuco ¿non? ¿E as regatas de botes e mais chalanas ten habido? Así polas festas do Carne xa agora, máis reciente. E falando de festas iban á festa de San Bartolomeu ou á festa da Peregrina iban andando ou iban en barco hasta alá, en lancha?

R: Iban andando, cando estaba baixamar íbase pola baixamar, había que atravesar o río